

- Xestorías, aseguradoras, inmobiliarias, Rexistro da Propiedade e Notarías ata 100m²,(103,40 €).
máis de 100m²,(206,80 €).
- Despachos profesionais,(98,23 €).
- Locais de asociacións, org. políticos, sindicais, sectoriais, relixiosos,(103,40 €).
- Farmacias, parafarmacias e similares,(206,80 €).
- Gasolineiras ata dous surtidores,(258,50 €).
mais de dous surtidores,(517,00 €).
área de servicio,(2.057,66 €).
- Tanatorios,(517,00 €).
- Ultramarinos, froiterías, panaderías, carnicerías, alimentación en xeral,(310,20 €).
- Amacéns, ferraxerías e análogos ata 200m²,(155,10 €).
mais de 200m²,(310,20 €).
- Industria, fábricas, talleres de reparación de automóbiles, serraderos, venda de maquinaria e similares ata 100m²,(180,95 €).
de 101m² a 500m²,(289,52 €).
de 501m² a 1.500m²,(517,00 €).
de máis de 1.501m²,(1.044,44 €).
- Comercios detallistas, establecementos e toda clase de instalacións de carácter público ou privado non comprendidos en conceptos anteriores ata 90m²,(103,40 €).
mais de 90m²,(155,10 €).
- Por cada posto fixo de venda en Mercados Municipais e galerías de alimentación (NOTA: A concurrencia dun ou máis postos xuntos no mesmo mercado, adicados á venda de produtos iguais, implicará a tributación polo 2º e seguintes da metade da tarifa,(41,69 €).

– ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APERTURA DE GABIAS, PROSPECCIONS OU CALAS EN TERREOS DE USO PUBLICO LOCAL E CALQUERA REMOCIÓN DO PAVIMENTO OU BEIRARRÚAS NA VÍA PÚBLICA

I. – FUNDAMENTO E NATUREZA

ARTIGO 1º

En uso das facultades contidas no artigo 106 da Lei 7/85, Lei de Bases de Réxime Local, e nos artigos 20 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Pontearreas establece a Taxa por apertura de gabias, prospeccións ou calas en terreos de dominio público local, e calquera remoción do pavimento ou beirarruas na vía pública, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal

II. – FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 2º

Constitúe o feito impoñible desta taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial de terreos de dominio público local para a apertura de gabias, prospeccións e calas, inclusive estradas, camiños, e demais vías públicas locais, para a instalación e reparación de canos, conducción e outras instalacións, así como calquera remoción de pavimento ou beirarrúas na vía pública.

*III.—SUXEITOS PASIVOS.**ARTIGO 3º*

Son suxeitos pasivos das taxas reguladas nesta Ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 de Lei Xeral Tributaria, ás que se les outorgaron as licenzas ao seu favor, ou os que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local, de procederen sen a oportuna autorización.

*IV.—RESPONSABLES**ARTIGO 4º*

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refire os artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios as persoas incluídas no artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

*V.—EXENCIONS E BONIFICACIONES**ARTIGO 5º*

Agás o disposto en normas de rango legal e tratados internacionais, non se admitirán exencións nin bonificacións nas taxas reguladoras na presente ordenanza.

*VI.—CUOTA TRIBUTARIA**ARTIGO 6º*

1.—Cando se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización, ou adjudicación.

2.—No resto de casos, a cota tributaria será a resultante de aplicar a seguinte tarifa:

Por m² ou fracción, e cada quince días ou fracción 1,54 euros.

*VII.—PERIODO IMPOSITIVO, DEVENGO E INGRESO.**ARTIGO 7º*

1.—O periodo impositivo mínimo será de quince días naturais contados de data a data.

2.—As taxas reguladoras na presente Ordenanza devengarase no momento en que se inicie o aproveitamento especial.

3.—No momento da presentación de solicitudes de licenzas para aproveitamentos cunha duración determinada, os suxeitos pasivos ingresarán polo procedemento de autoliquidación o importe total das taxas resultantes da aplicación do artigo 6 desta Ordenanza.

No caso de solicitudes de aproveitamentos de duración indeterminada, os suxeitos pasivos, no momento de formular aquelas, ingresarán polo procedemento de autoliquidación o importe das correspondentes ao primeiro período impositivo.

Para os seguintes períodos impositivos, a Administración Tributaria Municipal notificará regulamentariamente as liquidacións procedentes.

*VIII.—NORMAS DE XESTION**ARTIGO 8º*

1.—Para poder gozar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas de vía pública, os interesados deberán solicitar a oportuna licenza.

2.—As solicitudes contarán en todo caso cos seguintes datos: nome, apelidos e D.N.I, ou razón social e C.i.f. do solicitante, domicilio fiscal e situación de aproveitamento.

3.—Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigación as declaracións formuladas polos interesados concedéndose as licenzas de non atopar diferentes coas peticións.

Se se desen diferentes coas declaracións, notificaránselles aos interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias con aplicación dos xuros de demora e a sanción correspondente.

4.—En caso de denegarse as autorizacións, procederá a devolución dos importes ingresados.

5.—Non se poderá gozar dun aproveitamento da vía pública ata que fose ingresado o importe das taxas e fose outorgada a correspondente licenza.

6.—Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial conlevase a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houbese lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro dos danados.

O Concello non poderá condonar total ni parcialmente as indemnizacións e reintegros aos que se refire esta alínea.

7.—O goce dun aproveitamento sen licenza ou por superficie ou duración superior á que figurase naquela será sancionado pola Alcaldía de acordo co desposto no artigo 21 k da Lei 7/1985 de 2 de Abril Reguladora das Bases de Réxime Local e restante normativa de aplicación.

*IX.—INFRACCIONS E SANCIONES**ARTIGO 9º*

No relativo ás infraccións tributarias desta Ordenanza, así como as súas cualificacións e sancións, atenderase ao desposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICION DERRADEIRA

Esta Ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**— MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS
DE TRACCION MECANICA.**

“Modifícase a Disposición final e o ANEXO; engádeselle o Artigo 5º, e suprímese a Disposición Transitoria, quedando polo tanto da seguinte maneira:

ARTIGO 5º.—EXENCION E BONIFICACIONES

1.—Estarán exentos do Imposto:

- a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá
- b) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ao traslado de feridos ou doentes.